

FICHA DE INSCRIPCIÓN

CAMPAÑA “ ESTE NADAL PRÉMIATE EN MEIS 2024 ”

NOME DO ESTABLECEMENTO:

ENDEREZO:

PERSOA DE CONTACTO:

TELÉFONO:

HORARIO:

A participación na campaña “Este nadal prémiate en Meis”, leva implícita a aceptación íntegra das bases reguladoras da campaña que figuran ao dorso.

SINATURA,



ESTE NADAL PRÉMIATE EN MEIS 2024

Dende o Concello de Meis queremos axudarvos a promover as compras e o consumo nos vosos establecementos este nadal. É por iso que, de novo dende o Concello imos a lanzar a campaña de nadal “ Este Nadal Prémiate en Meis”, con **3000€** en premios en rascas “ rasca e gana”.

Obxectivos:

O Concello de Meis quere promover e dinamizar a actividade comercial e hostaleira do noso municipio, para elo vanse sortear 3000€ en rascas e gana, non haberá campaña diferenciada entre comercio e a hostalería, todos os establecementos levarán o mesmo número de premios, é dicir, segundo unha estimación feita que podería variar segundo o número de inscritos na campaña, cada establecemento podería levar entre os seus rascas un premio de máis elevado e dous menores, no ano pasado segundo os inscritos os premios foron un vale 45 e 2 de 25€, pero este reparto depende dos inscritos en dita campaña.

Premios:

A estimación aproximada que fixemos polo número de participantes na edición pasada é de 32 establecementos polo que o reparto sería

30 rascas de 45€

60 rascas de 25€

De ser máis ou menos participantes teríamos que axustar o importe dos vales

Cada rasca só se pode gastar nun único establecemento.

Condicións de participación:

Todos os comercios, establecementos de servizos e hostalaría sitos en Meis poden participar nesta campaña, para elo deben cubrir a ficha de inscrición e presentala no Concello. Con todos aqueles establecementos participantes vaise crear un listado que será onde se podan consumir os vales compra.

O que si é preciso e que **aqueles establecementos que reciban un rasca teñen que facer factura o Concello de Meis e presentala por sede electrónica** (as vosas asesorías ou xestorías poderán botarvos unha man con isto), e **achegar o rasca onde lle deberedes pedir nome e teléfono da persoa que o troca e escribilo na parte de atrás.**

O prazo de inscrición será ata o venres 22 de novembro ás 14.00h.

Desenrolo da campaña:

Todos aqueles establecementos que teñan interese en participar presentarán a ficha de inscrición no rexistro do Concello, posteriormente recibirán os rascas que deberán repartir entre os seus clientes.

Para o comercio e servizos unha rifa por cada 20€ de compra.

Para hostalería non existe un gasto mínimo xa que é un tipo de compra distinta deixando o reparto a criterio da hostaleira/o.

Duración da Campaña:

Dende o luns 9 de decembro ata o 8 de xaneiro.

Cada rasca deberá estar selado polo establecemento que a entregou.

A data máxima para comprar/consumir os rascas é o **16 de marzo de 2025.**

O importe dos rascas serán abonados directamente aos establecementos participantes, polo que aqueles establecementos que reciban un vale deben presentar na sede electrónica do Concello unha factura pola contía do vale indicando o nome da persoa agraciada e a data de consumo do mesmo, e a dita factura acompañarase unha copia do ticket de compra por importe igual ou superior ao referido vale. A data máxima de presentación das facturas, será o **31 de marzo de 2025.**

PROTECCIÓN DE DATOS: O CONCELLO DE MEIS é o Responsable do tratamento dos datos persoais proporcionados baixo o seu consentimento e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril (GDPR) e na Ley Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGDD), coa finalidade de xestionar o concurso. Os datos serán conservados de conformidade coa normativa aplicable, mentres exista un interese público para manter o fin do tratamento, así como para fins estatísticos, e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir a seudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos. Non se comunicarán os datos a terceiros, salvo que fose necesario para a tramitación do procedemento ou por obriga legal. Así mesmo, infórmase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a CONCELLO DE MEIS. Avda. Cambados, 67 - O Mosteiro, Meis, 36637 Meis (Pontevedra). Email: dpo@legalforma.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.

